



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 6 DE FEBREIRO DE 2025

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
ISMAEL DURAN BEREIJO
LUCIA PICOS ANEIROS
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
OLGA IGLESIAS BEREIJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

Escusa a súa asistencia o Concelleiro:
NOEL LOPEZ LOPEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 19:20 horas do día 6 de febreiro de 2025, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria e urgente, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, D^a. Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

1. RATIFICACIÓN DA URGENCIA

Pola Presidencia infórmase de que a urgencia deste Pleno extraordinario é debida a que o prazo para a solicitude do POS remata mañá.

De conformidade co previsto nos artigos 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 79 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, sométese a votación ordinaria a ratificación da urgencia da convocatoria, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.



2. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS “POS+2025”)

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 4 de febreiro de 2025, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS “POS+2025”)

Expte.: 2025/G006/000044

A aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2025” da Deputación Provincial da Coruña, foi publicada no BOP núm. 233 de 3 de decembro de 2024.

Consta na plataforma telemática SUBTEL a Circular de novembro de 2024 do Servicio de Xestión de Plans, sobre a aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos POS+2025), cunha achega total a este concello de 648.020,75 €, distribuídos do seguinte xeito:

- Achega provincial 2025: 328.846,35 €
- Achega provincial 2024: 319.174,40 €
- TOTAL POS+2025: 648.020,75 €

Por isto, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	328.846,35 €
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	319.174,40 €
Subtotal gasto corrente	648.020,75 €

B) Financiamento de investimentos:



ACHEGA PROVINCIAL 2025		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	

Subtotal investimentos achega provincial 2025	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostíbles)		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

		Concello			
POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	328.846,35 €			328.846,35 €
	Achega	319.174,40 €			319.174,40 €



	2024					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	0,00 €				0,00 €
	Achega 2024	0,00 €				0,00 €
C- TOTAL	Achega 2025	328.846,35 €				328.846,35 €
	Achega 2024	319.174,40 €				319.174,40 €
	TOTAL	648.020,75 €				648.020,75 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
MELLORA DE PARQUE INFANTIL DE PRAZA DA CONSTITUCIÓN	90.879,85		90.879,85
AMPLIACIÓN E MELLORA DE PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA	165.552,70		165.552,70
MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10	135.688,00		135.688,00
TOTAIS	392120,55		392120,55

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.



5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr Cribreiro García di: O deterioro da inmensa maioría das carreteras e pistas do Concello é máis que evidente. Sofren de anos de abandono en todas as parroquias de Cedeira por unha falta evidente do Concello de Cedeira no seu mantemento. O derrumbe de taludes, o crecemento de herba nas marxes das carreteras, a escorrentía das augas cando chove que vai polo asfalto, a non limpeza periódica das cunetas fan que os cedeireses esteamos a sufrir grandes inconvenientes, tanto no tráfico rodado, como os usuarios peatóns. Cremos que se deben facer os proxectos co ancho que teñen os camiños que deben figurar no Inventario municipal. Hai camiños con ancho suficiente para que circulen perfectamente dous coches en ambas direccións. Estase a producir que un dos coches debe parar e outro dar marcha atrás e buscar un oco para que o outro poda pasar. Esperemos e confiemos que nestes proxectos se produza en todos a suficiente apertura de calzada para que podan circular perfectamente dous coches en ambos sentidos e así mellorar a situación vial, tanto do vehículo como dos peatóns. Imos votar a favor porque cremos que é positivo para todos os veciños de Cedeira.

O Sr Alcalde di: Nós, pola nosa parte, agradecemos o voto a favor do Partido Popular. Dicir que este ano 2024-25 vai ter un maior investimento de camiños dos últimos anos. Estamos falando de máis de medio millón de euros en pistas, pero para que vos fagades unha idea, supón 7 km de 200 km que temos en pista. É dicir, hoxe en día non é tan fácil ter as pistas no mellor estado posible, pero creo que o Concello de Cedeira, dentro das súas posibilidades, ten as pistas moi ben. As pistas de Deputación están todas aglomeradas, menos un tramo de Esteiro por la parte de San Juan, que é a que falta. E bueno a carretera que vai a San Andrés de Régoa, a que vai polo Casal de María ata o Campo do Hospital están enteiramente asfaltadas. Incluso conseguíuse algo que levaba moitos anos tamén demandando, que foi que se aglomerara a AC-566 ao seu paso por Cedeira o cal tamén se fixou fai uns meses. A verdade é que traballamos o mellor posible o que son mantementos de pistas, aglomerado, en todo caso con esas capacidades dentro do noso orzamento municipal, que tamén é limitado porque tampouco temos un orzamento dunha gran cidade. E bueno, e seguiremos. Creo que cando se faga os proxectos, os proxectos se fan e se miden as pistas in situ. A verdade que estamos intentando mellorar, en moitos casos, metendo aglomerado. Si que é verdade que o aglomerado, ao non apoiarse en talud como se apoia realmente o riego, que é moito máis fácil de botar, pois sempre se pode cortar un pouquiño. Pero bueno, creo que a capacidade que temos é, tanto de sentido común como económica, de mellorar as nosas pistas. Así que bueno, pola nosa parte creo que podo falar en nome dos meus compañeiros e compañeiras, agradecemos o voto do Partido Popular neste asunto. Procedemos entón a votar.



O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 19:30 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ